



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA




INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Marzo 2022

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de marzo en Galicia un incremento do 16,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 13,9 puntos inferior á do mes de febreiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 18,2%, 5,3 puntos menos que no mes anterior.
- No Comercio aumenta a facturación o 12,7% e nos Outros servizos o 27,7%.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 3,2% e en España un 4,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas rexistran incrementos do persoal ocupado no mes de marzo.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de marzo en Galicia un aumento do 16,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 13,9 puntos inferior á do mes de xaneiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 18,2%, 5,3 puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento do 12,7%, suma 8,9 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 27,7% e achegan 7,4 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* crece o 16,2% e nos *Outros servizos* o 22,5%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 15,7%, co que achega 7,9 puntos a taxa de variación do índice xeral, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta un 9,5% e achega 0,3 puntos e o *Comercio ao retalho* crece un 3,2% e suma 0,6 puntos. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* aumenta o 23,0% e o *Comercio ao retalho* o 8,8%; en senso contrario, a *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe a súa facturación o 6,4%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 27,7%. Todos os sectores aumentan a súa facturación. Os maiores incrementos rexístranse no *Transporte*, 26,8%, co que achega 4,0 puntos a taxa de variación do índice xeral, e na *Hostalería*, 95,6%, co que achega 1,6 puntos.

En España, os *Outros servizos* crecen o 22,5%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse no *Transporte* (18,7%), na *Hostalería* (85,4%) e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (36,4%).

No primeiro trimestre do ano, o índice xeral aumenta un 27,5% en Galicia e un 21,7% no conxunto de España. O *Comercio* crece un 26,2% e os *Outros servizos* un 31,6% en Galicia. España rexistra taxas inferiores, 20,8% no *Comercio* e 23,8% nos *Outros servizos*.

Todos os sectores rexistran taxas positivas. En Galicia os maiores incrementos rexístranse no *Comercio por xunto* (32,6%), *Transporte* (33,4%) e *Hostalería* (151,6%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 23,5% no mes de marzo.

Os sectores que máis contribúen a este incremento son: o *Comercio*, cunha taxa do 11,8% achega 5,0 puntos e a *Hostalería*, ao crecer un 102,5%, achega 9,9 puntos.


No primeiro trimestre do ano, o índice rexistra unha taxa do 33,0%. Os maiores crecementos danse no *Comercio* (24,0%), *Transporte* (25,1%) e *Hostalería* (155,9%).

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 15,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 23,9%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de marzo aumenta a cifra de negocios en todas as comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores crecementos danse en Canarias (49,7%) e Illes Balears (39,6%). Os menores incrementos rexístranse en Castilla y León (6,1%) e Cantabria (8,0%).

No primeiro trimestre do ano, as comunidades con maiores incrementos da cifra de negocios son Canarias (45,0%) e Illes Balears (39,9%). As comunidades autónomas con menores crecementos son Murcia (12,3%) e Castilla y León (13,4%).

Índices de cifra de negocios. Marzo 2022


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 3,2% respecto ao mes de marzo de 2021, 1,6 puntos menos que en España (4,8%).



O persoal ocupado crece un 2,0% no *Comercio* e un 4,1% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás o *Transporte* (-0,6%). O maior incremento dáse na *Hostalería* (10,3%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior crecemento rexístrase na *Hostalería* (14,8%).

No que vai de ano, a ocupación crece un 3,5% en Galicia e un 4,4% no conxunto de España. Todos os sectores rexistran taxas positivas; o maior incremento dáse na *Hostalería*, 10,0% en Galicia e 13,4% en España.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de marzo con respecto ao mesmo mes do ano 2021. As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (16,3%) e Canarias (7,1%). As taxas máis baixas rexístranse en País Vasco e Aragón, ambas as dúas un 2,0%.

No primeiro trimestre do ano, os maiores crecementos danse en Illes Balears (11,1%) e Canarias (6,1%). As comunidades con menores incrementos son Aragón e Castilla y León, 2,2%.

Índices de persoal ocupado. Marzo 2022

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Marzo 2022

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	156,6	16,3	27,5
Comercio	154,5	12,7	26,2
Venta e reparación de vehículos de motor	116,5	9,5	21,2
Comercio por xunto	173,8	15,7	32,6
Comercio ao retallo	115,4	3,2	8,4
Outros servizos	162,5	27,7	31,6
Transporte	225,1	26,8	33,4
Hostalería	93,6	95,6	151,6
Información e comunicacións	133,2	19,4	15,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	148,9	12,5	11,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	107,4	21,0	8,7
España			
Xeral	140,1	18,2	21,7
Comercio	147,9	16,2	20,8
Venta e reparación de vehículos de motor	124,3	-6,4	4,5
Comercio por xunto	168,4	23,0	27,5
Comercio ao retallo	116,2	8,8	11,6
Outros servizos	125,9	22,5	23,8
Transporte	133,3	18,7	24,5
Hostalería	96,6	85,4	103,4
Información e comunicacións	123,6	10,0	9,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	148,0	10,7	9,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	118,3	36,4	29,0

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir de datos suministrados por I.N.E.

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Marzo 2022

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	141,2	23,5	33,0
Comercio	146,8	11,8	24,0
Transporte	182,4	16,1	25,1
Hostalería	100,2	102,5	155,9
Información e comunicacións	135,2	20,2	18,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	155,1	15,8	15,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	144,9	25,6	17,5

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir de datos suministrados por I.N.E.

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Marzo 2022

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VA DE AÑO
ESPAÑA	140,1	18,2	21,7
Andalucía	136,6	14,4	17,0
Aragón	142,6	17,3	21,2
Asturias	124,8	8,9	17,8
Balears, Illes	98,0	39,6	39,9
Canarias	125,8	49,7	45,0
Cantabria	137,1	8,0	15,6
Castilla y León	124,8	6,1	13,4
Castilla-La Mancha	141,0	10,8	17,0
Cataluña	137,0	19,8	21,5
Comunitat Valenciana	140,8	11,1	18,1
Extremadura	141,9	17,1	22,8
GALICIA	156,6	16,3	27,5
Madrid	148,7	21,6	24,2
Murcia	138,1	9,5	12,3
Navarra	146,7	15,7	19,2
País Vasco	143,7	16,6	18,4
Rioja, La	148,2	11,2	19,6

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Marzo 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	106,5	3,2	3,5
Comercio	108,9	2,0	2,6
Venta e reparación de vehículos de motor	98,7	3,1	2,5
Comercio por xunto	121,4	0,4	1,2
Comercio ao retallo	103,8	3,0	3,7
Outros servizos	104,7	4,1	4,2
Transporte	99,3	-0,6	0,7
Hostalería	91,9	10,3	10,0
Información e comunicacións	115,4	4,4	4,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	111,3	2,4	1,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	117,1	3,5	3,7
España			
Xeral	107,2	4,8	4,4
Comercio	105,7	1,9	1,9
Venta e reparación de vehículos de motor	104,6	1,4	1,2
Comercio por xunto	110,5	1,4	0,9
Comercio ao retallo	102,8	2,3	2,7
Outros servizos	108,2	6,7	6,1
Transporte	108,4	3,1	2,7
Hostalería	97,6	14,8	13,4
Información e comunicacións	116,9	5,0	4,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	110,1	2,9	2,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,9	5,7	5,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Marzo 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	107,2	4,8	4,4
Andalucía	105,1	4,7	4,4
Aragón	106,6	2,0	2,2
Asturias	103,4	2,6	2,9
Baleares, Illes	97,4	16,3	11,1
Canarias	103,8	7,1	6,1
Cantabria	105,5	5,1	4,8
Castilla y León	101,7	2,5	2,2
Castilla-La Mancha	108,2	4,5	4,5
Cataluña	110,1	6,1	5,8
Comunitat Valenciana	108,3	3,8	3,2
Extremadura	105,7	4,7	5,0
GALICIA	106,5	3,2	3,5
Madrid	109,3	4,5	4,1
Murcia	112,6	3,7	4,5
Navarra	107,6	4,8	4,8
País Vasco	104,7	2,0	2,3
Rioja, La	106,4	2,7	3,0

Fonte: NE